



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONSELLO GALEGO DOS PROCURADORES DOS TRIBUNAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE FORMACIÓN ESPECIALIZADA A COLEXIADOS E ATENCIÓN A MULLERES E MENORES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de Xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita Contra a Violencia de Xénero ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, contribúan a avanzar na erradicación da violencia sobre a muller, tal e como recollen os informes para o pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero aprobados polo Congreso dos Deputados e o Senado no ano 2017, e que conteñen un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e a violencia doméstica, mellorando a resposta que dan as Institucións.

Antecedentes: O 15 de novembro de 2016, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha Proposición non de lei pola que se instaba ao Goberno a promover a subscripción dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, polo Goberno da Nación, as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias, que siga impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado. A Proposición non de lei establecía a creación, no seo da Comisión de Igualdade do Congreso, dunha Subcomisión que tiña como obxectivo elaborar un informe no que se identificaran e analizaran os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero, e no que se incluían un conxunto de propostas de actuación, entre elas as principais reformas que deben acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como ás recomendacións dos organismos internacionais. O Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.





A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren, recollendo no artigo 15 a necesidade de que a Xunta de Galicia garanta e promova a formación en igualdade de todas e todos os profesionais que traballan en ámbitos relacionados directa ou indirectamente coa violencia de xénero, e en especial das e dos profesionais da sanidade, dos servizos sociais, dos educativos, das Forzas e Corpos de Seguridade e das operadoras e dos operadores xurídicos

O 4 de agosto de 2022 aprobouse o I Plan Galego contra a Trata de Seres Humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, co fin de articular políticas que dean unha resposta integral e coordinada ás situacións de trata con fins de explotación sexual e contribuír á súa erradicación, reforzar os mecanismos para a súa prevención e articular unha mellor intervención coordinada dos distintos axentes. Pretende, ademais, asentar un sistema de atención integral, para garantir ás persoas superviventes unha vida digna e libre de violencia, cunha adecuada resposta ás súas necesidades individuais.

O 12 de abril de 2024 asinouse o Acordo de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (actualmente Consellería de Política Social e Igualdade) para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre ambas consellerías para o desenvolvemento e financiamento de accións de formación especializada dirixidas a profesionais da avogacía e procuradoría, sobre atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero, trata ou explotación sexual, así como o desenvolvemento de accións dirixidas á atención xurídica a mulleres vítimas de violencia sexual.

O 9 de outubro de 2019 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais asinaron un convenio de colaboración para a posta en marcha, desenvolvemento e financiamento de accións de formación especializada dirixidas a profesionais da procuradoría, sobre atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Esta colaboración foi renovada o 25 de outubro de 2021 coa sinatura dun novo convenio de colaboración, cuxos obxectivos se consolidaron coas sinaturas seguintes dos respectivos convenios colaborativos o 12 de decembro de 2022 e o 12 de xullo de 2023.

Na liña do anterior, o presente convenio pretende proseguir co proxecto colaborativo iniciado no ano 2019 e darlle continuidade ao desenvolvemento de accións de formación especializada dirixidas a profesionais da procuradoría e a atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.





Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que comprende dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen desde o 1 xaneiro de 2024. O carácter singular do Convenio vén determinado por razóns de interese público e cómpre sinalar que, na nosa Comunidade Autónoma, moitas mulleres son vítimas directas da violencia de xénero, nalgúns casos con resultado de morte, o que fai evidente o interese social e humanitario de calquera acción que se dirixa a previr e detectar estes casos e a apoiar ás súas vítimas, neste caso a través de accións de formación especializada a profesionais do ámbito xurídico, e leva á Xunta de Galicia a establecer a presente colaboración.

O convenio ten por **obxecto** establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Política Social e Igualdade e o Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais para a posta en marcha, desenvolvemento e financiamento accións de formación especializada dirixidas a profesionais da procuradoría e a atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, de modo que dentro da formación que se imparta se introducirán módulos específicos sobre menores e violencia de xénero, mulleres estranxeiras e sobre aspectos psicolóxicos e sociais (recursos e programas en Galicia), sempre en relación coa violencia de xénero.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Lei Órganica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral Contra a Violencia de Xénero, indica no seu Preámbulo que os poderes públicos non poden ser alleos á violencia de xénero, que constitúe un dos ataques máis flagrantes a dereitos fundamentais proclamados na nosa Constitución, como a liberdade, a igualdade, a vida, a seguridade e a non discriminación. Neste sentido, o Consello de Ministros na Declaración contra a violencia contra a muller aprobada en 2017, destacou que se trata dun problema de toda a sociedade e é toda a sociedade quen ten que involucrase na procura de solucións eficaces para previla, protexer ás vítimas e rexeitar aos maltratadores, destacando que a erradicación da violencia de xénero require o traballo conxunto, coordinado e en colaboración de todas as institucións, administracións e organizacións da sociedade civil.

Financiamento: Para o financiamento das actividades descritas no convenio, a Dirección Xeral de Loita Contra a Violencia de Xénero transferiu 40.000,00 € dende a aplicación orzamentaria 38.06.313D.481.2 (código de proxecto 2018 00112) para dotar a aplicación



orxamentaria 35.03.131A.481.0 (código de proxecto 2018 00112) do orzamento de gastos da Dirección Xeral de Xustiza.

Pola súa banda, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes achegará ao Consello da Avogacía Galega a cantidade máxima de CORENTA MIL EUROS (40.000,00 €), librando esta cantidade con cargo á aplicación orxamentaria 35.03.131A.481.0 (código de proxecto 2018 00112), para a posta en marcha e funcionamento das accións formativas previstas no convenio.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes transferirá ao Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais a cantidade anterior, unha vez que o Consello presente a seguinte documentación xustificativa:

- Memoria de actuación, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias ata a data, e dos resultados obtidos.
- Certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e mais do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, de acordo co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas –tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución– para o mesmo proxecto ás administracións públicas competentes ou ás súas entidades vinculadas ou dependentes, así como aos entes privados.
- Declaración responsable de se achar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como de non ter ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- Calquera outra documentación ou material que o Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

A xustificación comprenderá os gastos de accións realizadas e pagadas entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 30 de novembro de 2024, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Xustiza con data límite o 10 de decembro de 2024.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.



Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

